

# Tradución xurídica - Cotranslations

## QUEN?

Clara Bao Rivas e Tania Carril, dúas tradutoras autónomas que traballamos baixo o nome Cotranslations, xa que niso consiste o noso método: ofrecer servizos lingüísticos colaborativos.



### CLARA BAO RIVAS

Grao en Tradución e Interpretación - UVigo  
Máster en Tradución Literaria e Audiovisual - UPF  
Traduce de inglés e francés a español e galego

### TANIA CARRIL

Licenciatura en Tradución e Interpretación - UVigo  
Máster en Tradución e Novas Tecnoloxías - UIMP  
Tradutora e intérprete xurada de inglés  
Traduce de inglés e portugués a español e galego



## POR QUE?

A tradución xurídico-administrativa é unha disciplina complexa que require a participación dunhas profesionais experimentadas coma nós, que presten atención ao detalle e dispoñan dos coñecementos lingüísticos e xurídicos precisos para trasladar os textos sen dar lugar a ambigüidades nin contrasentidos.

Ademais, ofrecemos servizo de tradución xurada inglés>español, co que podemos conferir a mesma validez legal ás nosas traducións que a que teñen os textos orixinais.

Dende 2015, axudamos a empresas, particulares e institucións de diversa nacionalidade a trasladar os seus textos a español e galego en proxectos como:

- Tradución xurada e simple de documentos para institucións xudiciais e lexislativas: sentenzas, dilixencias previas, comisións rogatorias, ordes de detención, solicitudes de obtención de probas, ordes europeas de investigación, etc. (dende agosto de 2015).
- Tradución de documentación para entidades bancarias: condicións comerciais, extractos, documentación de apertura de contas, rexistros de movementos, etc. (dende agosto de 2015).
- Tradución xurada para particulares e despachos de avogados: documentos académicos, documentos de residencia e nacionalidade, documentos familiares e de sucesión, documentos laborais e documentos mercantís (dende agosto de 2015).
- Tradución de manuais de prevención de riscos laborais e de declaración da renda para institucións gobernamentais rexionais e nacionais (dende novembro de 2015).
- Tradución de bases legais, termos e condicións e políticas de *cookies* e de privacidade para sitios web e empresas de diferentes sectores (dende maio de 2016).
- Tradución de acordos de compra e contratos de traballo para empresas do ámbito médico, museístico e de RR. HH. (dende febreiro de 2018).

Así mesmo, contamos con experiencia en tradución de contratos de prestación de servizos e de regulamento interno para cadeas hoteleiras, de proxectos de colaboración dentro da Unión Europea e de documentación interna dun grupo de restauración.

## COMO?

Queres saber se podemos axudarte? Escríbenos a

[info@cotranslations.com](mailto:info@cotranslations.com)

ou chama ou envía un WhatsApp ao 626274684 (Tania) e estaremos encantadas de responder as túas dúbidas e colaborar contigo.

Queremos ser o teu equipo de confianza.

